

Xogo de espellos

Tradución López Silva vira ao galego dúas pezas de Genet que beben do teatro dentro do teatro

Galaxia publica, traducidas por Inma López Silva e con limiar de Rosa de Diego, *As criadas* e *O Balcón*, de Jean Genet, boa mostra da formulación que o autor propón do teatro como xogo de sombras. Nas dúas asistimos a simulacros: teatro dentro do teatro como forma de nos introducir no paradoxo lóxico que fai de dúas premisas falsas unha conclusión verdadeira. Os personaxes gardan significados duais que conforman un corpo conceptual en que cada suxeito precisa do seu oposto absoluto para artellar complexas relacións de dependencia: o rebelde precisa un reaccionario; o policía, un criminal.

As criadas comeza cun acto de investidura (unha metonimización do vestido da señora que xera a transmutación do seu contido, a criada), que dá lugar a unha macabra cerimonia entre dúas irmás, as dúas serventes, que xogan ao poder. O autor afirmou inspirarse para a peza tanto na misa católica coma nun grupo de nenos que xogan á guerra, e de certo, vemos a conexión entre a liturxia e o xogo de imitación que linda co sado-masoquismo, a recreación na relación dominante-dominada. O xogo evidénciase nas propias indicacións

metateatrais das criadas: “Pasemos. Saltemos ao preludio. Aos insultos!”

Non hai personaxes, senón arquetipos, signos dunha linguaxe simbólica: as imaxes do subconsciente colectivo soben ás táboas. Genet sacraliza a marxinalidade, o mal, porque del sae a verdade: “Que o mal estoure no escenario, que nos amose espidos, que nos deixe perdidos, sen outro recurso que nós mesmos”. Na advertencia previa a *O Balcón* pide que non se represente “coma se fose unha sátira”, xa que é “a glorificación da imaxe e do reflexo. A súa significación –satírica ou non– aparecerá só nese momento”.

Recorre a figuras que se complementan: amo e escravo, xuíz e rea, bispo e pecadora... “Sodes os nosos espellos deformantes, a nosa válvula, a nosa vergoña, a nosa atadura”, dille Clara, caracterizada como Señora, á súa irmá Solange, transmutada na propia Clara. Os clientes que se disfrazan no prostíbulo d’*O Balcón* precisan que as rapazas completen as súas mascaradas sendo eses “outros”. Dille o xuíz á rea: “O meu ser xuíz é unha emanación do teu ser de ladraa”. Logo será a ladra quen o someta a el, e mentres, fóra, soan as ame-

As criadas.

O balcón ·

Jean Genet · Galaxia,

2010 ·

320 páx · 18 euros



tralladoras e hai unha revolución. Chantal, fuxida do bordel, encábézaa, representando a República (o conto alegórico segue na madame, Irma, que representa a España de Franco. No seu bordel non falta o mausoleo, o Val dos Caídos). Di o xefe de policía: “Non son eu quen che aprenderá que as representacións do bordel son ante todo un xogo de espellos (...) Pero obrigarei a miña imaxe a se separar de min”. Coma na Clara d’*As criadas*, será nun sacrificio ritual, a través dun chibo expiatorio, da morte dunha “imaxe” transmutada, onde chegue a catarse. *O Balcón* remata coa madame recollendo e fechando, porque ao día seguinte vai haber que comezar outra vez a función, as funcións que ela mira dende o seu xogo de espellos. E diríxese ao pú-



Criadas, nunha foto de principios do pasado século // **Arquivo**

blico como potenciais clientes do seu bordel: “Teñen que volver para a casa, onde todo, non o dubiden, será aínda máis falso que aquí”. Cal é a ficción, a que xoga no escenario a escenificar novas ficcións,

coma un xogo de matrioskas, que evidencian o real? Ou o teatro que acatamos nas nosas vidas dándolle o status de verdade? Genet obríganos a atravesar o espello e vir de volta. // **Lara Rozados Lorenzo**